



## ANUNCIO DA CONTINUACIÓN DO TRÁMITE DE VENDA MEDIANTE XESTIÓN E ADXUDICACIÓN DIRECTA EXTENSIÓN DO PRAZO DURANTE O SEXTO MES

Logo de constituirse a Mesa da poxa de data 11 de abril de 2018 na Delegación da Coruña da Axencia Tributaria de Galicia e non se adxudicar os bens obxecto do trámite de adxudicación directa que se detallan a continuación, a Mesa acorda continuar co devandito trámite, de acordo co art. 107 do Regulamento xeral de recadación.

Bens obxecto deste procedemento:

### LOTE 3

Ben: Inmable urbano de uso residencial sito no lugar de Anllóns Grande, número 19, concello de Ponteceso, cunha superficie construída de 486 metros cadrados. Predio con número de identificación catastral 9461304NH0896S0001RJ, predio 7257 do Rexistro da Propiedade de Carballo.

Valor: 87.146,03 €  
Cargas: 22.081 €0 €  
Tipo de poxa: 65.065,03 €

### LOTE 7

Ben: 50 % pleno dominio con carácter privativo de predio a horta chamado Foxo e Agra do Foxo, sita en San Vicenzo de Elviña na cidade da Coruña, dunha superficie de 893 metros cadrados. A súa referencia catastral é 8883831NH4988S0001FI. Predio número 23155 do Rexistro da Propiedade número 6 da Coruña.

Valor: 33.957,50 €  
Cargas: 0 €  
Tipo de poxa: 33.957,50 €

### LOTE 13

Ben: 1/8 da núa propiedade de predio urbano sito na rúa Paz, 25, de Palas de Rei, provincia de Lugo, dunha superficie de 348 metros cadrados e parcela de 135 metros cadrados. Predio número 13647 do Rexistro da Propiedade de Chantada. Referencia catastral 2574519NH9427S0001WW.

Valor: 18.779,85 €  
Cargas: 0 €  
Tipo de poxa: 18.779,85 €

### LOTE 14

Ben: Vivenda sita na rúa Amapola, 6-8, 2º B, Urbanización Hospital do Concello de Carballo, cunha superficie de 81,10 metros cadrados. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Carballo, número de predio 42333.

Valor: 97.842,82 €  
Cargas: 0 €  
Tipo de poxa: 97.842,82 €

### LOTE 15

Ben: 50 % do pleno dominio con carácter privativo da casa sita no lugar da Gándara, parroquia de Lariño, concello de Carnota. Consta de andar baixo, cunha superficie de 118 m2, andar primeiro cunha superficie de 113 m2, andar segundo cunha superficie de 113 m2 e faiado cunha superficie de 47 m2. Ten unha edificación unida de andar baixo cunha superficie de 86 m2 e andar alto cunha superficie de 21 m2. Todo está nun soar de 241 m2. Rexistro da Propiedade de Muros, predio número 5583.

Valor: 109.257,10 €  
Cargas: 78.214 €  
Tipo de poxa: 31.043,10 €



LOTE 16

Ben: Rocho sinalado co número 2, que forma parte do edificio con fronte á rúa Camiño da Igrexa, números 12-14, na cidade da Coruña, sito no andar de semisoto e dunha superficie útil aproximada de 4,15 m2. Inscrita no Rexistro da Propiedade da Coruña número 6, con número de predio 19093.  
Valor: 2.477,75 €  
Cargas: 0 €  
Tipo de poxa: 2.477,75 €

Ábrese o prazo ata o 11 de outubro de 2018, para achegar as ofertas en sobre pechado. Nestas, indicárase o nome, apelidos, NIF, enderezo e teléfono do ofertante. A Mesa de poxa, abrirá os sobres das ofertas achegadas ao final deste prazo, e poderá adxudicar o ben se algunha das licitacións é considerada suficiente, noutro caso, anunciarase no taboleiro de anuncios desta delegación e da Zona de recadación, a extensión do prazo por un mes máis, para a presentación de novas ofertas ou mellora das xa achegadas, e así sucesivamente, sempre e cando ó remate do prazo de cada mes, non se consideren suficientes economicamente as ofertas presentadas ata ese momento.

Polo que respecta ós trámites e demais condicións e requisitos aplicables no devandito procedemento dase por reproducido todo o indicado no anuncio do inicio do trámite de venda mediante xestión e adxudicación directa, de data 11 de abril de 2018.

A Coruña, 20 de setembro de 2018

O secretario da Mesa



Joaquín E. Cotarelo Casal